

## **COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AOS REPAROS**

PLENO 5 SETEMBRO 2013. ACTA 15/2013

En vista da solicitude de comparecencia do grupo municipal AER, con entrada na Rexistro Xeral en data 30/08/2013, da seguinte tenor literal:

“Tendo en conta os seguintes feitos:

- Que actualmente nos atopamos en plena época de alto risco de incendios, con días de temperaturas extremas.
- Que a responsable en materia de prevención de incendios forestais, a Xunta de Galicia, fixo unha proposta de convenio cos concellos para contratar brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais a finais de xuño, xa iniciada a época de alto risco de incendios.
- Que sendo moi criticado este convenio polas diferentes partes que conforman o sector forestal, considerándose un importante atraso en política de prevención de incendios forestais, o que supón de perda de efectivos reais sobre o terreo durante os 3 meses de verán.
- Que a Xunta de Galicia con esta actitude e estratexia nefasta levou a cabo unha redución drástica de empregos xusto na situación actual de crise e elevado número de parados, o que é totalmente intolerable por parte dunha administración que predica investimentos en emprego día tras día.
- Que sendo todos conscientes do problema que existe en Galicia cos incendios forestais, que as medidas de defensa contra incendios forestais non se adopten no momento que teñen que facerse e sobre todo se vaia totalmente á contra do tecnicamente admitido de que os lumes se apagan en inverno, ou sexa, con moita labor de prevención e poñendo recursos para actuar nos montes antes do período de alto risco.
- Que no noso entorno estanse producindo acotío incendios forestais que están causando danos importantes aos montes e aos recursos naturais da comarca.
- Que no consello forestal do 6 de agosto de 2012 o Concelleiro de Interior comunicou respecto á contratación dunha Brigada de Prevención e defensa contra incendios que estaba traballando no asunto, poñendo como datas para o inicio da actividade da cuadrilla os días 18-20 de agosto.

Pedimos a comparecencia do concelleiro de Interior para que nos explique as xestións do goberno local e da Xunta de Galiza na prevención e defensa de incendios forestais.”

*O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO admite que se plantexou un pouco tarde e complementaria doutras accións por parte de Xunta de Galicia. Di que se decidiron por unha empresa privada despois de avaliar os pros e os contras. Invitaron a tres empresas pero ningunha delas quixo presentarse.*

*O concelleiro BLANCO PEREZ di que quere recordarlle que tanto o goberno local como a Xunta de Galicia non teñen para nada actuado con celeridade no tema da prevención e defensa de incendios forestais, por exemplo:*

- No pleno do 4 de abril AER preguntalle acerca do Pladiga 2013 (Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia) e en concreto sobre os convenios que a consellería de Medio Rural ía asinar coa FEGMAP. Ao mes seguinte aparece publicada a memoria do Pladiga 2013, polo que no mes maio o seu departamento xa podería ter estudado este plan e avanzar nos convenios que este establecía, incluído o da contratación de brigadas municipais. Daquela, si estes convenios non convencían ao goberno local tal como teñen manifestado en máis dunha ocasión, poderían ter actuado e reclamado á Xunta de Galicia afondar no modelo de brigadas forestais públicas e profesionais. Oportunidade perdida.*

- Por outra banda, a Consellería de Medio Rural actuou este ano dun xeito claro con aleivosía no tema da prevención e defensa dos incendios forestais. No caso da defensa, desmontando o dispositivo preexistente de brigadas e atrasando o máximo posible a súa contratación. unha temeridade. E vostedes que dixeron ou fixeron ao respecto?*

*Continúa dicindo que no caso da prevención, sacando unha Orde de axudas o 3 de xuño de 2013, cun prazo de presentación dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG (o venres, 7 de xuño de 2013), ou sexa, remataba o prazo para entregar as solicitudes a inicios de xullo (xa en plena época de alto risco de incendios) a día de hoxe aínda se están empezando a recibir as resolucións das axudas.*

*Isto é xestión eficaz, previr despois dos lumes...*

*Di que as axudas dánse por traballos xa realizados e que é responsabilidade da Comunidade de Montes de empezar os traballos. Isto é mentira porque despois da solicitude ten que haber unha visita técnica do axente forestal para comprobar que os traballos se axustan á orde de axudas, polo que non se pode facer absolutamente nada ata que dean o visto bo. E se fas algunha actuación e non a supervisaron pois denéganche a axuda.*

*Continúa dicindo que o Sr. alcalde seguramente coñeza a Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia) que establece no seu artigo 7.-Competencias das entidades locais. Correspóndelles aos concellos e a outras entidades locais: «a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, consonte o previsto nesta lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia*

*municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias».*

*E pregunta: “Que levan feito ao respecto? teñen vostedes ou non teñen responsabilidades legais na prevención e defensa contra incendios forestais?” Segue coa mesma lei.citando o artigo 16.-Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. 1. O planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais integrarase nos plans municipais de emerxencias, consonte o establecido na lexislación galega de emerxencias.*

*4. A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlles aos alcaldes ou alcaldesas.*

*A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.*

*E volve preguntar: Teñen idea en ir establecendo unha planificación en materia de prevención e defensa de incendios forestais, de tal xeito que non lle pille o toro, (mellor dito, a toura que por algo estamos en Galiza,) e non estar unicamente a expensas do ditaminado dende a xunta do PP, sen aportar voz ou voto nas medidas erróneas ordenadas dende Santiago ao respecto?*

*Continúa dicindo que “os seus compañeiros de Santiago o están facendo tan mal que ata vostedes o recoñecen...poderían mandarlle unha mocioncilla instándolles a corrixir a nefasta estratexia de prevención e defensa contra incendios forestais... veña, desmelénense un pouco, e senón unha notiña de prensa expresando o que non se atreven a dicir en alto respecto o convenio de brigadas deste ano... ah!, e vostedes póñanse as pilas que os incendios se apagan en inverno...prevención, prevención e prevención e no seu caso... planificación, moita planificación...”*

*O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o convenio era importante para o Concello, sobre todo polo aspecto da prevención e que o expediente de contratación foi asinado o 30 de xullo. Parécelle que houbo falta de dilixencia e xestión que fixo que Redondela quedara sen unha brigada contra incendios e, o que é máis importante, sen prevención.*

*O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que non hai falla de previsión e que a copia do Convenio chegou a finais de xuño. Di que o señor Reguera sabe perfectamente o que pasou co Grumir. Sinala que había problemas para contratalos, equipándoos, formándoos, viabilidade económica..etc non quedou máis remedio que acudir á empresa privada. Pasou o mesmo noutros Concellos. Índica que a metade da subvención era para o desbroce. Di tamén que no Concello hai un Plan pero non se desenvolveu porque dende que se fixo está durmido nun armario*